

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE SADA**

ANUNCIO da convocatoria de proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de ordenanza, persoal funcionario, pertencente á escala da Administración xeral, subescala subalterna, incluída na oferta de emprego público de 2022.

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña número 155, do 16 de agosto de 2023, foron publicadas integramente as bases específicas que van rexer a convocatoria para prover en propiedade unha praza vacante neste concello coas seguintes características:

Persoal funcionario de carreira:

– 1 (unha) praza de ordenanza da escala da Administración xeral, subescala subalterna (grupo E/AP).

Sistema selectivo: oposición en quenda libre.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando proceda de conformidade coas bases, faranse públicos na forma prevista nas propias bases.

Sada, 17 de agosto de 2023

Óscar Benito Portela Fernández
Alcalde

